

# AQUEL QUERIDO MES DE AGOSTO

# 940

Miguel Gomes, 2008

---

ESTREA EN NUMAX: 04.06.2022 | V.O.S.E. | TP | 147 min.

No corazón do Portugal montañoso, o mes de agosto reúne un gran xentío e balbordo. A xente volve ao seu país, tiran fogos artificiais, loitan contra os incendios, fan karaoke, lánzanse desde pontes, cazan xabaríns, beben cervexa, fan fillos. É, ademais, unha crónica sobre as relacións sentimentais entre un pai, a súa filla e un primo, integrantes do grupo musical "Amor e música".

«Un dos filmes máis vitais, amables,  
alegres e festivos vistos en moito  
tempo»

Diego Lerer, MICROPSIA CINE

---



## «Un tributo ao cinema e á vida»

Por Juan A. Miguel

Moderna, popular, impredecible, divertida, lúcida, lúdica e conmovedora, son algúns dos adxectivos cos que o crítico Roger Koza definiu a *Aquel querido mes de agosto* (2008), do director portugués Miguel Gomes. Eu atreveríame a dicir que Koza puidе ficar curto pois, na miña opinión, estamos ante una das grandes obras de arte do século XXI.

A estrutura de *Aquel querido mes de agosto* é desconcertante, nun principio parece unha caste de documental sobre un pobo do interior de Portugal en pleno verán, cos seus personaxes pintorescos, as súas cerimoniais relixiosas, as verbenas e os seus músicos amateur. En medio desta filmación aparece o produtor da película e recrimina ao director que non se está a filmar o que estaba no guión. A partir dese momento a película muta cara a unha historia de amor entre dous adolescentes que tocan nunha das orquestras do verán.

Gomes acode a encontrar a ficción na realidade. O espectador contempla como se vai «fabricando» a ficción e construíndo o relato. Unha vez que comeza a ficción, prodúcese tamén o desdoblamento entre persoas e personaxes, posto que son os mesmos os que representan que os representados. Así explicado semella un proceso complexo pero Gomes filma todo cunha gran transparencia, transitando entre ficción e documental dunha maneira nunca vista. A mestura entre documental e ficción é algo que se fixo moitas veces (abonda lembrar a Guerín, Serra ou Lisandro Alonso, entre outros) pero Gomes lévao moito máis lonxe e logra rachar a barreira que separa un e outro lado da cámara, a distancias ente actores e personaxes, a diferenza entre mitoloxía realizada e entre a música e o diálogo. Como o propio Gomes dixo, todo isto non é máis que un xogo divertido e se nos deixamos levar polo seu peculiar sentido do humor apreciaremos a liberdade de xéneros que propón o autor.

Outro aspecto importante da película son as cancións. Gomes comentou que lle interesa rexistrar o imaxinario das cancións xunto coa emoción do cantante, conseguindo que no plano figuren simultaneamente a cara do cantante e o rexistro dese imaxinario. O crítico Mark Peranson dixo na revista *Cinemascope* sobre este filme: "construído de xeito orgánico e cunha humildade abraiante, *Aquel querido mes de agosto* mostra os elementos fantásticos e míticos presentes no día a día, así como as realidades mundanas da rodaxe, presentándoas como eslabóns integrados nunha interminable cadea de dominó e contra todos os prognósticos, non se atopan. Como na vida, as conexións máxicas dóbranse e desdóbranse nunha serie de invisibles xogos de referencias."

Un tributo ao cinema é a vida sobre o que planean a obra de Jacques Tati e a de João César Monteiro en gran parte da metraxe.